ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES CHAN DO MONTE
CURSO: 1º ESO
MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
DATA: 06 /05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1 Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	CCL CMCCT
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	CD CAA CCL
	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	
B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	CMCCT
	BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnaos á clase á que pertencen.	

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos e instrumentos</u>: Tarefas solicitadas no plan de traballo semanal durante o tempo de suspensión de clases presenciais e plans de reforzo educativo. Terase en conta, tanto os contidos, como a presentación e dilixencia na súa remisión (pautas de tempo e forma marcadas). **<u>RECUPERACIÓN DA 2ª AVALIACIÓN</u>** Valoración das actividades do programa de reforzo educativo. Cando dita valoración sexa positiva, a cualificación que se consignará será de 5 puntos (en ningún caso á recuperación terá unha cualificación superior a 5).
Cualificación final	1ª avaliación: 50 % 2ª avaliación: 50 % 3ª avaliación: o alumno poderá subir ata 1 punto
Proba extraordinaria de setembro	Se as circunstancias permitiran realizar unha proba de modo presencial, faríase desta forma. Se a proba tivera que realizarse por vía telemática, valoraranse as actividades propostas no plan de reforzo educativo, que se cualificarán ata un máximo de 5 puntos. En calquera dos casos, dita proba incluiría as avaliacións (1ª e/ou 2ª) non superadas.
Alumnado de materia pendente	O día 5 de Maio de 2020 envíaselle aos alumnos coa materia pendente, a través de correo electrónico, un caderno de actividades cos mínimos esixibles que deberán realizar e enviar á profesora responsable antes do 31 de Maio. Non se fará exame. Para superar a materia pendente deberán: - Contestar todas as cuestións de maneira precisa e científica, empregando un vocabulario adecuado ao seu nivel. - As respostas a ditas cuestións deberán demostrar que o alumno procurou e contrastou a información, empregando tanto o libro de texto como internet. - Non deberá quedar ningún apartado sen contestar, pois de ser o caso a actividade completa será nula. - Valoraranse as consultas á profesora responsable por parte do alumnado a través do correo electrónico que se lle facilitou ou por calquera outro medio que máis lle conveña ao alumnado.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de reforzo e repaso para todos os alumnos. Nalgúns casos, actividades de ampliación. Tamén se traballan as competencias básicas con actividades específicas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Empregamos a Aula Virtual do centro , onde se colgan semanalmente tarefas que envían ao correo electrónico, ou si se trata de actividades interactivas, envían si é posible captura de pantalla. Todos os alumnos están dotados dos recursos necesarios para a elaboración das tarefas.
Materiais e recursos	Todas as tarefas están deseñadas para que antes de facelas consulten os apuntes dados durante as clases presenciais ou ben o libro de texto, e busquen información neles, ou nalgúns casos en internet.

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias e o alumnado serán informados destas adaptacións na programación a través de Abalar, Aula Virtual e correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.